



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023

I. MEMBROS DO PADROADO: RECOÑECEMENTOS, NOMEAMENTOS

7 de xaneiro

En Lourenzá deu inicio o ano dedicado a Francisco Fernández del Riego, con motivo das letras Galegas 2023. En Vilanova estiveron presentes Antón Vidal Andión, Malós Cabrera, Quico Domínguez e Rosario Álvarez Blanco, do Padroado da nosa Fundación.

24 de febreiro

O noso padroeiro Xesús Alonso Montero, recibiu o Premio Laxeiro 2023 da man do presidente da Fundación Laxeiro e alcalde de Vigo, Abel Caballero. Ao acto de entrega, celebrado no Marco de Vigo, asistiron o vicepresidente primeiro Antón Vidal, e o director, Xosé Manuel Soutullo.

23 de marzo

O vicepresidente primeiro, Antón Vidal Andión, foi galardoado polo Concello de Vigo co recoñecemento de Vigués Distinguido. Ao acto de entrega das distincións asistiron o presidente, Manuel Puga; o director, Xosé Manuel Soutullo; a secretaria, María Dolores Villanueva, e os padroeiros Silvestre Gómez Xurxo e Xavier Martínez Cobas.

20 de outubro

O director da Fundación, Xosé Manuel Soutullo, nomeado director xeral da Editorial Galaxia.

29 de novembro

Na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela tivo lugar un acto académico de homenaxe ao profesor —tamén padroeiro da Penzol— Xesús Alonso



Montero con motivo de cumprir 95 anos. O acto coordinouno o tamén padroeiro Henrique Monteagudo. Ao acto asistiron outros membros da nosa Fundación: María Dolores Cabrera, Rosario Álvarez, Xosé Manuel Dasilva e Xosé Manuel Soutullo.

II. ACTIVIDADES

16 de febreiro 2023 - 21 de xaneiro 2024

Mostra fotobiográfica e bibliográfica “Francisco Fernández del Riego, 1913-2010, Letras Galegas 2023”. Casa Galega da Cultura (Vigo). No acto de inauguración interviron o presidente, Manuel Puga; o director, Xosé Manuel Soutullo; a secretaria, Malores Villanueva; Ramón Martínez Bermúdez, en representación da familia de Del Riego; o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o alcalde de Vigo, Abel Caballero.

21 de febreiro - 21 de maio

Exposición “60 pezas para sesenta anos. Fundación Penzol (1963-2023)”. Casa Galega da Cultura (Vigo), comisariada por Francisco Domínguez Martínez, quen por circunstancias imprevistas non puido estar presente no acto. A mostra contou cunha subvención do Concello de Vigo. No acto, moi concorrido, interviron o director, Xosé Manuel Soutullo; o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; o presidente, Manuel Puga, e mais o alcalde de Vigo, Abel Caballero. Nos noventa días de apertura visitárona 2.105 persoas, unha media de 23 por día.

2 de maio

Presentación do libro *Na espera do amigo*, de Francisco Fernández del Riego, edición facsímile do Consello da Cultura Galega da de Aguatinta de 1994, coa colaboración do Concello de Vigo e a nosa Fundación. No acto interviron a presidenta do Consello e padroeira da Penzol, Rosario Álvarez, acompañada de Román Pereiro, responsable da primeira edición; Manuel Puga, presidente da Fundación Penzol, e Víctor F. Freixanes, presidente da Real Academia Galega.



11 de maio

Inaugurouse na Biblioteca Pública Municipal de Nigrán a exposición “Francisco Fernández del Riego, 1913-2010. Unha idea de Galicia e da liberdade”, promovida pola nosa Fundación co apoio do Concello de Nigrán. No acto de presentación interviron o director da Fundación Penzol e guionista da mostra, Xosé Manuel Soutullo; Carlos Méixome, fundador do Instituto de Estudos Miñoráns e promotor do seu nomeamento como Fillo Adoptivo daquel concello, e Juan González Pérez, alcalde de Nigrán.

16 de xuño

Reunión da Comisión Permanente, preparatoria da do Padroado de finais de xuño.

29 de xuño

Celébrase a reunión ordinaria da Xunta Xeral ordinaria do Padroado da Fundación Penzol.

26 de xullo

Reunión do presidente, Manuel Puga e mais do director, Xosé Manuel Soutullo, co novo concelleiro de Cultura de Vigo, Gorka Gómez.

14 de agosto

Durante as festas de Reboreda (Redondela), no patio da reitoral da parroquia permaneceu exposta a exposición “Francisco Fernández del Riego, 1913-2010. Unha idea de Galicia e da liberdade”, que nosa Fundación produciu para o Concello de Nigrán, que a cedeu para eses días festivos. No acto de apertura interviu o director, Xosé Manuel Soutullo, que foi presentado polo párroco da localidade, Xosé Carlos Rodríguez. Do pregón das festas encargouse o noso presidente, Manuel Puga.

2 de agosto

Asinouse o documento de doazón do fondo Emilio Álvarez Blázquez. Asinaron o presidente, Manuel Puga, e o doador, Emilio Álvarez Pazos.

6 de outubro



Xunto coa Fundación Olga Gallego e a colaboración da Real Academia Galega e o Concello de Vigo, celebramos un acto conmemorativo do centenario do nacemento de Olga Gallego. Logo das intervencións institucionais de Manuel Puga, presidente da Fundación Penzol; Víctor F. Freixanes, presidente da Real Academia Galega, e Gorka Gómez, concelleiro de Cultura do Concello de Vigo, tivo lugar unha mesa redonda, presentada pola vicepresidenta segunda, María Dolores Cabrera, na que disertaron Pedro López Gómez, presidente da Fundación Olga Gallego e padroeiro da Penzol; Carmen Pérez Pais, padroeira da Penzol; e Mar García Miraz, xefa do servizo do Arquivo de Galicia. Aos asistentes entregóuselles o número 28 de *Novas Penzol*, dedicado á arquiteira, que nesta ocasión preparou Carmen Pérez Pais.

16 de novembro

Conferencia “Ramiro Illa Couto, vibración e músculo do galeguismo. Vida e azares do primeiro secretario da Fundación Penzol”, impartida por Xosé L. Pastoriza Rozas; profesor da USC e padroeiro da Fundación Isla Couto. Acto organizado conxuntamente polas fundacións Penzol e Isla Couto.

19 de decembro

Reunión do presidente e o director co concelleiro delegado de Cultura, Gorka Gómez.

21 de decembro

Reunión do Padroado da Fundación Carlos Casares. Asistiu o presidente Manuel Puga.

28 de decembro

Reunión do Padroado da Fundación Otero Pedrayo. Asistiu o presidente Manuel Puga.

29 de decembro

Celébrase a reunión ordinaria do noso Padroado.



III. ACTIVIDADES PROMOVIDAS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS NAS QUE COLABOROU / PARTICIPOU A FUNDACIÓN PENZOL

EXPOSICIÓNS. PRÉSTAMO DE MATERIAIS BIBLIOGRÁFICOS E DOCUMENTAIS

26 de novembro 2021 - 7 de xullo 2024

“Francisco Fernández del Riego: nos vieiros da arte galega”. Museo Municipal Quiñones de León. Pinacoteca Francisco Fernández del Riego (Vigo).

15 de decembro 2021 - 14 abril 2023

“O poder da palabra: 40 anos do Parlamento de Galicia: 1981-2021”. Parlamento de Galicia. Itinerante.

14 de outubro 2022 - 13-01-2023

“A Galicia deseñada: símbolos: marcas e identidades gráficas”. Espazo de Intervención Cultural da Universidade da Coruña.

22 de febreiro - 26-xuño

“Detrás do espello”. Fundación Cidade da Cultura. Monte Gaiás.

4 de xullo - 16 de setembro

“A Coruña no tempo”. Ciclo Cidades no Tempo. Fundación Cidade da Cultura, e Fundación Galicia Obra Social. AFundación A Coruña.

19 de outubro - 10 de decembro

“Galicia: procesos e formas”. Porto Design Biennale. Matosinhos.

27 de outubro 2023 - 20 de xaneiro 2024

“Vigo no tempo”. Ciclo Cidades no Tempo. Fundación Cidade da Cultura e Fundación Galicia Obra Social. Afundación Vigo. Á inauguración asistiron o presidente da Fundación, Manuel Puga; o vicepresidente primeiro, Antón Vidal, e mais o director, Xosé Manuel Soutullo.

OUTRAS ACTIVIDADES



10 de xaneiro

Presentación do libro *Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia* (Galaxia), da nosa padroeira Malores Villanueva, na librería Cartabón (Vigo). No acto, estivo acompañada polo vicepresidente primeiro, Antón Vidal Andián, e polo padroeiro Francisco Domínguez. Entre os asistentes, estiveron Manuel Puga e Xosé Manuel Soutullo.

16 de xaneiro

Presentación do libro *Francisco Fernández del Riego. Vida e obra dun obreiro do galeguismo* (Xerais), do docente e crítico literario Ramón Nicolás na librería Cartabón (Vigo), e canda el participaron Fran Alonso, director de Edicións Xerais; Marián Vidal, directora técnica da Penzol, e mais o padroeiro da nosa Fundación, Xesús Alonso Montero. Entre os asistentes, estiveron Manuel Puga, Antón Vidal, Francisco Domínguez e Xosé Manuel Soutullo.

30 de marzo

Representación na comisión que elaborará un Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Filoloxía e Tradución da Uvigo, que corresponderá ao director da Fundación de acordo co noso presidente. Nesa comisión estará representado o profesorado, persoal de administración e servizos, alumnado, titulados e representantes da sociedade. A nosa Fundación foi invitada neste último apartado.

28 de abril

Presentación do libro *Francisco Fernandez del riego: galeguista de acción e cultura* (Ir Indo) de X. L. Franco Grande e Anxo Rajó Pazó, na Casa Galega da Cultura. Asistiron ao acto o presidente, Manuel Puga e o director, Xosé M. Soutullo.

10 de maio

Exposición “Francisco Fernández del Riego. Cos ollos do seu espírito”, inaugurada no Museo de Arte Sacro de Vilanova de Lourenzá, promovida pola Xunta de Galicia. Contou coa colaboración da Real Academia Galega e da Fundación Penzol. Foi



comisariada pola vicepresidenta segunda, María Dolores Cabrera, e pola secretaria, María Dolores Villanueva. No acto participaron o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo; o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; a comisaria Maía Dolores Cabrera, e o director da Fundación Penzol, Xosé M. Soutullo, que tamén representou a Galaxia. Pechou o acto, a alcaldesa de Lourenzá, Rocío López.

11 de maio

Xornadas “As Letras Galegas e o Dereito” na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Uvigo, nas que participou o vicepresidente primeiro da Fundación Penzol, Antón Vidal Andión, cun relatorio sobre a figura de Francisco Fernández del Riego.

15 de maio

Acto do Club Faro dedicado a Francisco Fernández del Riego, no que participaron o director, Xosé M. Soutullo, e a secretaria, María Dolores Villanueva, xunto co presidente da RAG, Víctor F. Freixanes. O acto presentouno Manuel Bragado.

16 de maio

Actividade escolar do CEIP Valle-Inclán (Vigo) de celebración das nosas Letras, onde se presentou un texto inédito de Del Riego, “Galicia e o mar”, que foi cedido ao centro escolar polo xornalista Javier Mosquera. Participou Antón Vidal Andión, vicepresidente primeiro da Fundación.

17 de maio

O Día das Letras Galegas, unha representación do Padroado da Fundación Penzol (Manuel Puga, Antón Vidal, María Dolores Cabrera, Xosé M. Soutullo, Malores Villanueva e Manuel Meixide), xunto coa directora técnica da Biblioteca, Marián Vidal, desprazouse a Vilanova de Lourenzá para asistir aos actos de homenaxe e loanza a Francisco Fernández del Riego.

No primeiro deles, organizado pola Xunta de Galicia interveu, en nome da Fundación, o noso presidente, Manuel Puga.

30 de maio



Gala de entrega do XX Premio Afundación de Xornalismo Francisco Fernández del Riego, asistiron o presidente, Manuel Puga, o vicepresidente primeiro, Antón Vidal, e mais o director, Xosé M. Soutullo.

5 de xuño

Rematada a revisión da biblioteca de Alfonso Zulueta de Haz proveniente da casa de Aguite (Marín). Incorporáronse aos fondos da Biblioteca Penzol 572 monografías e 7 revistas. No almacén de Galaxia restan case 300 caixas. Un cálculo conservador sumaría máis de 7.500 libros. A revisión levouna a cabo o noso colaborador Enrique Méndez Gil.

9 de xuño

Xornada “Os arquivos do Seminario de Estudos Galegos: herdanza documental e memoria de Galicia”, que organizou o Arquivo Histórico Universitario da USC con motivo do Día Internacional dos Arquivos. Representando á Penzol, interveu a nosa directora técnica, Marián Vidal, cun relatorio redactado polo arquivista da Casa Galega da Cultura, Benito Ramírez, titulado “O Seminario de Estudos Galegos nos Arquivos Penzol e Francisco Fernández del Riego”.

14 de xuño

Exposición “A forza da palabra. Lei de normalización lingüística de Galicia (1883-2023)” no Parlamento de Galicia, da que foi comisario o noso padroeiro Henrique Monteagudo. Asistiron a inauguración o director, Manuel Puga, e a vicepresidenta segunda, María Dolores Cabrera, así como o padroeiro Silvestre Gómez Xurxo e o director, Xosé Manuel Soutullo.

16 de xuño

Lectura continuada do *Ulises*, de James Joyce, organizada por Editorial Galaxia con motivo do Bloomsday. Participaron coa lectura de fragmentos da obra o vicepresidente primeiro, Antón Vidal Andión, e o director, Xosé Manuel Soutullo.

25 de xullo

O padroeiro Marcelino Agís participou na ofrenda floral a Rosalía de Castro no Panteón de Galegos Ilustres representando á nosa Fundación.



17 de agosto

Actos en lembranza do asasinato de Alexandre Bóveda, no cemiterio de San Mauro, de Pontevedra. Asistiron o presidente, Manuel Puga, e mais o vicepresidente primeiro, Antón Vidal. A Fundación enviou unha nota de adhesión á Fundación Alexandre Bóveda, organizadora do acto.

4-6 de setembro

Curso “Francisco Fernández del Riego na cultura galega do século XX” (Vilanova de Lourenzá), organizado pola Real Academia Galega (RAG) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC). Dirixido por Henrique Monteagudo, padroeiro da Penzol. O programa contou tamén con relatorios de catro persoas do noso Padroado: Xesús Alonso Montero, Xosé Manuel Dasilva, Xosé Manuel Soutullo e Malores Villanueva.

15 de setembro

Exposición itinerante “Francisco Fernández del Riego. Cos ollos do seu espírito”, Inaugurada en Vigo, no Museo do Mar, promovida pola Xunta de Galicia e comisariada por Malós Cabrera e Malores Villanueva, padroeiras da Fundación Penzol, que contou coa colaboración da Fundación. No acto interviron Marta Lucio, directora do Museo; Malores Villanueva, Xesús Alonso Montero, en representación da Real Academia Galega; a súa sobriña Eugenia Bermúdez Fernández, en nome da familia de don Paco; Xavier Martínez Cobas, conselleiro delegado de Galaxia, e Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Entre o público asistente estiveron a vicepresidenta segunda, María Dolores Cabrera, e o director, Xosé Manuel Soutullo.

3 de novembro

Exposición “Olga Gallego no seu centenario (1923-2023)”, organizada polo Arquivo de Galicia na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela. A vicepresidenta segunda, María Dolores Cabrera, asistiu á inauguración.

3 de novembro



Inauguración da Aula Exterior Francisco Fernández del Riego, do Instituto de Ensinanza Media Castelao, de Vigo. No acto interveu a nosa secretaria, María Dolores Villanueva, e asistiu o padroeiro Silvestre Gómez Xurxo.

16 de novembro

A colección de cadros e obxectos da herdanza de Alfonso Zulueta depositouse na sede central da Editorial Galaxia.

23 de novembro

No marco das xornadas “Olga Gallego na vangarda (1923-2023): novos retos para os arquivos”, organizadas pola fundación que leva o seu nome, tivo lugar a presentación do libro *Publicacións de Olga Gallego no centenario do seu nacemento (1923-2023). 1. A Fundación Penzol*, na que participaron Anxo Lorenzo, secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia; Pedro López, presidente da Fundación Olga Gallego e padroeiro da nosa fundación, e Malós Cabrera, vicepresidenta segunda da Fundación Penzol. Entre os asistentes tamén figurou o padroeiro Silvestre Gómez Xurxo.

24 de novembro

Reunión da Comisión Permanente, preparatoria da preceptiva que realizará o Padroado da Fundación no mes de decembro.

24 de novembro

Representación no Consello da Cultura Galega, a Permanente propón a substitución de Silvestre Gómez Xurxo, que remata mandato en 2024, polo presidente da Fundación, Manuel Puga.

19 de decembro

Reunión do presidente e o director co concelleiro delegado de Cultura, Gorka Gómez.

21 de decembro

Reunión do Padroado da Fundación Carlos Casares. Asistiu o presidente Manuel Puga.

28 de decembro



Reunión do Padroado da Fundación Otero Pedrayo. Asistiu o presidente Manuel Puga.

29 de decembro

Celébrase a reunión ordinaria do noso Padroado.

IV. DIFUSIÓN

BOLETÍN *NOVAS PENZOL*

Os boletíns *Novas Penzol* seguen a difundir os nosos fondos bibliográficos e documentais, complementados cos da biblioteca-arquivo Francisco Fernández del Riego, compañeira de sede. Neste ano 2023 o noso padroeiro Silvestre Gómez Xurxo elaborou os números 27, 28 e 30, e a padroeira Carmen Pérez Pais o 29. Ambos os dous contaron co apoio do noso persoal técnico, durante o ano 2023:

- *Francisco Fernández del Riego 1913-2010. Letras Galegas 2023*. Número 27, publicado en febreiro
- *60 pezas para sesenta anos. Fundación Penzol 1963-2023*. Número 28, publicado en abril
- *Centenario de Olga Gallego, 1923-2010*. Número 29, publicado en outubro
- *Rodolfo Prada Chamochín*. Número 30, publicado en novembro

FACEBOOK E INSTAGRAM

Durante o ano 2023 publicáronse no Facebook 86 entradas con diversas informacións relacionadas coa Fundación. O número de seguidores chegou aos 1.900.

En Instagram, fixéronse 31 publicacións. O número de seguidores chegou a 501.



VISITAS

7 - 9 de marzo

En dúas quendas, recibimos un amplo grupo do alumnado (ao redor de 80) de primeiro de bacharelato do IES Castela de Vigo, acompañados por dous profesores, Ramón Nicolás e Cándido Paniagua.

Na visita, percorreron as dúas mostras (Francisco Fernández del Riego e 60 aniversario) e asistiron no salón de actos a unha breve charla sobre a institución e o fundador, Fermín Penzol, impartida polo noso director, Xosé Manuel Soutullo. Tamén visitaron o gabinete de Ramón Piñeiro e a biblioteca e o museo de Del Riego.

16 de maio

Na nosa sede da Casa Galega da Cultura, o director, Xosé M. Soutullo, recibiu e guiou un grupo da delegación de Vigo da Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Persoas Adultas (ATEGAL), que coordina Macarena Alonso.

18 e 19 de maio

Nestes días de celebracións polo sesenta aniversario da Fundación Penzol e pola figura de Francisco Fernández del Riego, con motivo do Día das Letras Galegas, recibimos dúas novas visitas: un grupo da Asociación de Enxeñeiros Industriais de Galicia e, o día seguinte, o Coro Sénior Campus Vigo, do Programa de Maiores da Uvigo.

Foron recibidos en ambos os dous casos polo noso director, Xosé M. Soutullo.

31 de maio

Visita ás instalacións dun grupo do alumnado do Programa Universitario de Maiores da Universidade de Vigo. Foron recibidos e guiados polo director, Xosé M. Soutullo.

7 de xuño

Visita ás instalacións dun grupo do alumnado do IES O Castro, de Vigo. Foron recibidos e guiados polo director, Xosé M. Soutullo.

20 de xuño

Visita ás instalacións dun grupo do alumnado do IES do Carril, de Vilagarcía de Arousa. Foron recibidos e guiados polo director, Xosé M. Soutullo.



13 de setembro

O noso director, Xosé Manuel Soutullo, recibiu a visita dun grupo de alumnas e alumnos do Instituto Argentino Gallego Santiago Apóstol de Buenos Aires; 18 mozas e mozos, acompañados polas profesoras María Cecilia Borgo e María Victoria Beni. Agasalláronnos cunha obra do artista plástico arxentino Rafael Gil.

18 de novembro

Visitan as nosas instalacións as asociacións culturais de Vilanova de Lourenzá — Mesa Coordinadora Don Paco e Asociación Patrimonio Laurentino—, acompañadas por un nutrido grupo de veciños, ademais da alcaldesa, Rocío López, e o concelleiro de Cultura, Manuel Arango. Recibíronos o vicepresidente primeiro, Antón Vidal, e mais o director, Xosé Manuel Soutullo, que realizou a visita guiada.

V. BIBLIOTECA

NOVOS INGRESOS

Monografías rexistradas: 744 títulos

Revistas rexistradas: 4 títulos

CATALOGACIÓN INFORMATIZADA DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS

Monografías: 1.680 rexistros

Revistas: 14 rexistros

VI. ARQUIVO

NOVOS INGRESOS

No mes de agosto formalizouse a doazón do fondo documental de Emilio Álvarez Blázquez, co seu fillo Emilio Álvarez Pazos.

DESCRIPCIÓN DE FONDOS



Fondo “Marquesado de Vilagarcía de Arousa - Colección Valentín Viqueira Barrio”, cun volume de 0,9 metros lineais para un total de 245 rexistros descritivos.

Fondo “Marqueses de Castelar e marqueses da Serra”, ocupa parcialmente 0,15 metros lineais cun total de 11 rexistros descritivos.

Fondo “Emilio Álvarez Blázquez” realizado por Carolina Fiaño Valverde, arquivista contratada grazas a concesión das axudas a colaboración en materia de arquivos da Xunta de Galicia para o ano 2023. Describíronse 346 rexistros cun volume de 0,5 metros lineais.

Fondo “Editorial Galaxia”. Contou coa cooperación e traballo de Iago Salgado Vila, alumno en prácticas da Universidade de Vigo. Fondo cun volume de 2,3 metros lineais, dos que resultaron un total de 473 rexistros descritivos.

Iniciáronse os traballos no fondo “Pazo de Bergondo”, que concluirán en xaneiro de 2024.

FONDOS DE ARQUIVO NA APLICACIÓN INFORMÁTICA A3000

DESCRICIÓNS DOCUMENTAIS

Ao peche do ano 2023 figuraban na base de datos 29.096 rexistros, dos que 23.345 están dispoñibles a través do portal¹.

Os números comprenden conxuntamente os Arquivos Penzol e Fernández del Riego. Desagregando os datos para o Arquivo Penzol figuran un total de 22.462 rexistros dos cales 19.026 están dispoñibles a través do portal.

Durante o ano 2023 realizáronse un total de 2.148 rexistros descritivos de 1 . A diferenza entre almacenados e dispoñibles débese a declaración de baixa de unha serie de rexistros, para mellorar a pertinencia das buscas e evitar “ruído” nas devolucións das consultas. Os rexistros dados de baixa poden recuperarse e volver a activar, comprenden descrições de pezas de correspondencia onde xa hai expedientes descritos.



documentos que inclúen dende unidade documental a fondo, dos cales 1.290 corresponden ao Arquivo da Fundación Penzol e 858 ao Arquivo Francisco Fernández del Riego.

ÍNDICES E AUTORIDADES

A 31 de decembro de 2023 figuran un total de 14.997 rexistros, dos cales 891 corresponden a descricións de autoridade realizadas en 2023.

Os números comprenden conxuntamente os Arquivos Penzol e Fernández del Riego. No caso das autoridades e índices non é posible ofrecer datos separados por arquivo.

DOCUMENTOS DIXITALIZADOS DE ACCESO EN LIÑA

A día da elaboración da presente memoria (2-V-2024) suman un total de 2.257 rexistros, con imaxes asociadas para a consulta directa. Do total de rexistros, 1.934 corresponden ao Arquivo da Fundación Penzol e 323 ao Arquivo Francisco Fernández del Riego.

INCORPORACIÓN AO PORTAL GALICIANA-PATRIMONIO DIXITAL DE GALICIA

Durante o pasado ano rematouse a incorporación ao portal Galiciana Patrimonio Dixital de Galicia. Este portal funciona como un agregador de datos co que diferentes repositorios institucionais comparten información a partir do Protocolo OAI-PMH. Recompila información daqueles rexistros que posúan imaxes asociadas².

Na data presente (2-V-2024) figuran neste portal 1.782 rexistros pertencentes ao

2 . Galiciana - Patrimonio Dixital non incorpora a día de hoxe no portal as imaxes pero si a información dos rexistros e as ligazóns para a consulta nos repositorios institucionais do Arquivo Penzol e Arquivo Francisco Fernández del Riego. O portal actualízase de forma periódica.



Arquivo da Fundación Penzol e 323 ao Arquivo Francisco Fernández del Riego.

OUTROS TRABALLOS

A restauradora Laura Sánchez García rematou a restauración da carauta de Pimpinela fabricada por Castelao para a obra *Os vellos non deben de namorarse*.

Adquisición dun escáner cenital Bookeye 5 V2 Kiosk a través da adxudicación dunha subvención con cargo as “Ayudas para la descripción y digitalización de archivos con patrimonio documental con una antigüedad superior a los 40 años”, convocadas polo Ministerio de Cultura e Deporte. O equipamento emprega LEDs brancos, conforme a IEC 62471 e non emite radiación IR/UV. Indicado para a captura de fondo antigo ao que non provoca dano. Dispón ademais dunha bandexa regulable para a apertura de obras encadernadas en 120 graos. Permite a dixitalización do fondo antigo con persoal e recursos do propio arquivo, sen necesidade de acudir a terceiros nen danar os fondos.

USUARIOS DO PORTAL DE ARQUIVO

Ao longo do ano 2023 produciuse a migración de Universal Analytics (UA) á versión Google Analytics 4 (GA4). A primeira versión deixa de recompilar datos de usuarios e consultas o 5 de xuño de 2023. Tras uns días, a versión GA4 recolle a información ata final de ano.

RESUMO USUARIOS DO PORTAL

O portal rexistrou 316 usuarios nos primeiros meses de 2023 e outros 180 nos últimos. Na suma total pode haber usuarios repetidos a consecuencia das mudanzas no Analytics. O número total de visitas a páxinas ascende 22.822, o que supón un notable



incremento respecto do ano anterior (14.609), en boa parte debido á dedicatoria do Día das Letras Galegas a Francisco Fernández del Riego.

Dada a escasa visibilidade actual do portal, a meirande parte dos usuarios acceden directamente (envío de ligazóns) ou ben con ligazóns remitidas dende outras páxinas (Galiciana). En menor medida danse os accesos por busca e remitidos dende redes sociais.

VII. DOADORES

Entre as doazóns de 2023, salientamos a dos fillos de José Vidal Campos.

PARTICULARES

Alfonso Zulueta (fondo)

Ángel Núñez Sobrino

Antón Costa Rico

Antón Lopo

Antón Vidal Andión

Anxo Rajó Pazó

Avelino Pousa Antelo (fondo)

Bernardo Máiz Vázquez

Bernardo Vázquez Acuña

Carlos Rodríguez

Carmen Manso Porto

Carmen Pérez Pais



David Carballal

Estanislao Fernández de la Cigña

Fernando López Combarros

Fernando Ramallo

Francisco Domínguez Martínez

Franco García

Goretti Irisarri

Gustavo Garrido

Iria C. Bao

Jorge Alonso

Jorge Santoro de Membiela

José Ángel Otero

José Luis Soto Pérez

José Vidal Campos

Juan González Pérez

Manuel Martínez Torres

Manuel Puga Pereira

Manuel Rodríguez García

Marcos Alonso Rodrigues

María Dolores Cabrera

Marian Vidal Fraile

Mario Paz González



Patricia Arias Chachero

Pedro Javier González Rodríguez

Pilar Vilaboi Freire

Ramiro Barros Justo

Ramón Nicolás

Rosario Baleirón

Rosario Sarmiento

Silvestre Gómez Xurxo

Víctor Montenegro

Xavier Castro

Xavier Groba

Xerardo Dasairas

Xesús Alonso Montero

Xesús Antonio Gulías Lamas

Xesús Domínguez Dono

Xesús Fraga

Xesús González Gómez

Xosé Antonio Fernández Salgado

Xosé Carlos Alonso Quevedo

Xosé Manuel Soutullo

Xulián Parga Rodríguez



EDITORIAIS

Agoeiro
Alvarellos Editora
Cardeñoso
Chan da Pólvora
Editorial El Eco Franciscano
Edicións Xerais de Galicia
Editorial Galaxia
Edicións Laiovento
SEPT

REVISTAS

Anuario Brigantino
Club Peña Trevinca
Encrucillada
Estudios de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia
Ferrol Análisis
Industria Atunera y Pesca Blanca
Industria Conservera
Industrias Pesqueras
Irimia



Luzes
Lvcensia
Madrygal
Raigame

Institucións

Real Academia de Farmacia de Galicia
Anfaco-Cecopesca
Asamblea Republicana (Vigo)
Asociación de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia
Asociación de Antiguos Alumnos de Farmacia (Universidade de Santiago de Compostela)
Asociación Encrucillada
Asociación irimia
Asociación Patrimonio Laurentino (Lourenzá)
Axencia Galega da Calidade Alimentaria
Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo
Centro de Estudos Galegos
Centro Ramón Piñeiro
Club de Prensa de Ferrol
Club Peña Trevinca
Colegio Teológico Franciscano (Santiago de Compostela)



Concello de Ames
Concello de Noia
Concello de Pontevedra
Concello de Redondela
Concello de Tomiño
Concello de Vigo
Consello da Cultura Galega
Consortio de Santiago
Deputación da Coruña
Deputación de Ourense
Fundação Calouste Gulbenkian
Fundación Cidade da Cultura
Fundación Isla Couto
Fundación Juana de Vega
Fundación Olga Gallego
Fundación Otero Pedrayo
Fundación Vicente Risco
Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento
Instituto de Estudios Carballiñeses
Instituto de Estudios Vigueses
La Voz de Galicia



Museo Arqueolóxico de Ourense
Museo Etnolóxico de Ribadavia
Museo do Pobo Galego
Parlamento de Galicia
Real Academia Galega de Ciencias
Real Academia Galega
Sentimentalismo. Bubela Grupo Cultural
Sociedade Micolóxica Lucus
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de vigo
Valedor do Cidadán de Vigo
Xunta de Galicia

VIII. DOAZÓNS DA FUNDACIÓN PENZOL

Este ano doáronse monografías repetidas nos nosos fondos á Biblioteca central da Universidade de Vigo e á Biblioteca municipal de Nigrán. En total, 76 títulos.

IX. ESTATÍSTICAS

Os servizos de biblioteca e arquivo, por razóns de tipo técnico, seguiron abertos só na quenda de mañá.



SERVIZO DE CONSULTA EN SALA: USUARIOS POR TIPOLOXÍA DE CONSULTAS

2023	Tese	Investigación	Traballos académicos	Outros	Total usuarios
Totais	5	173	19	102	299

SERVIZO DE CONSULTA EN SALA: TIPOLOXÍA DE MATERIAIS

2023	Libros	Revistas	Arquivo	Total consultas
Totais	858	240	1.827	2.925

CONSULTAS E USUARIOS NON PRESENCIAIS

Consultas	6.641
Usuarios	4.394

SERVIZO DE COPIA DAS COLECCIÓNIS

Número de copias	552
Número de solicitantes	43

PRÉSTAMOS BIBLIOGRÁFICOS E DOCUMENTAIS

O préstamo de orixinais da biblioteca e do arquivo para a edición de facsímiles, publicacións, reproducións gráficas e audiovisuais, así como para o desenvolvemento de exposicións, supón unha contribución imprescindible para algunhas iniciativas culturais organizadas por diversas institucións públicas e privadas.



Préstamo de orixinais	Total pezas
Traballos editoriais e difusión	14
Exposicións	102

TEMAS DE CONSULTAS E INVESTIGACIÓNS

Os temas das pescudas realizadas neste centro gárdanse no arquivo da Fundación Penzol. Está a disposición das persoas interesadas.

IX. AXUDAS E SUBVENCIONS

24 de xaneiro

Presentouse solicitude de axuda para actuacións en materia de arquivos da Xunta de Galicia. Solicitouse para o fondo de Emilio Álvarez Blázquez por unha contía de 4.000 euros. A Fundación achegaría o 40 por cento (1.600). O 20 de abril confirmouse a concesión de axuda, e o 5 de xuño recibíuse a resolución favorable da concesión.

2 de febreiro

Recibido o importe de 7.770 euros da subvención da Deputación Provincial para a exposición sobre María do Carme Kruckenberg.

19 de abril

Presentouse a documentación para unha axuda para a adquisición dun equipo para a reprodución de fondos en alta resolución. O importe solicitado é de 14.423,20 euros, o 80 por cento do seu custo (18.029). A Fundación achegaría 3.605,80 euros. A axuda, convocada polo Ministerio de Cultura e Deporte, enmárcase no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado con fondos Next Generation EU. O 29 de agosto publicouse a orde coa concesión da axuda. O 19 de outubro recibíuse o importe da subvención. O 15 de novembro instalouse na sala de lectura o escáner cenital Bookeye 5.



19 de xuño

Presentada no Concello de Vigo a documentación da solicitude de subvención nominativa da exposición “60 pezas para sesenta anos”. O 27 de outubro recibíuse o importe: 20.000 euros.

IX. PERSOAL

1 de febreiro

Incorporouse Iago Salgado Vila para realizar as prácticas universitarias da carreira de Historia. Pertence a Universidade de Vigo e completou 240 horas ata o mes de abril. Traballou no fondo de Editorial Galaxia, dirixido polo arquivista Benito Ramírez.